

1. Peña Ciclista Val Miñor en colaboración co Concello de Nigran, e coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e organismos competentes, é o organizador da III MARCHA BTT CONCELLO DE NIGRAN 2008, que se celebrará o 23 de novembro 2008.
 2. Esta marcha está aberta a tódolos ciclistas maiores de 16 anos en posesión da licencia federativa en vigor. Quen non tivera dita licencia poderá tramitar a licencia dun día (Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil) concedida pola FGC.
 3. É obligatorio o uso de casco protector, levar visible a acreditacion entregada pola organización, e os que esten federados presentar licencia federativa .
 4. A ruta estará sinalizada, debendo os participantes respectar o itinerario e o ritmo marcado pola organización, non podendo ser rebasado o grupo de cabeza en ningún momento.
 5. A Saida será ás 09:15 horas, dende o pavillón de deportes de Panxón para facer un percorrido duns 38 kms. Por pistas forestais dunha dificultade media-alta. Haberá puntos de reagrupamento e avituallamento, deberán ser respectados escrupulosamente por tódolos participantes. A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido por mor climatolóxico ou de seguridade.
 6. Os federados deberán aportar no momento da entrega de distintivo a licencia federativa. Quen non a posúa pode obter o permiso de 24 horas.(facilitado pola F.G.C.) pagando un suplemento de 8 Euros.
 7. A inscripción poderá facerse:
 - a) Ata o xoves día 20 de novembro mediante preinscripción enviando o boletín que se atopa na paxina Web do Concello (www.nigran.org) debidamente cumplimentado, ao correo (cnigran@nigran.org) ou ben ao fax 986383943 debendo presentar copia do ingreso o día da marcha. O ingreso farase a favor da Peña Ciclista Val Miñor en :
- *CAIXA NOVA:** 2080 0052 21 0000157061
***CAIXA GALICIA:** 2091 0560 53 3040003449
Indicando NOME APELIDOS E D.N.I.
- **Participantes Federados :** Mediante presincripcion deberan ingresar a cantidad de 8 euros.
 - **Participantes NON Federados:** Mediante presinscrición deberan ingresar a cantidad de 16 euros (**8 euros de**

inscripción + 8 euros de seguro facilitado pola F.G.C.)

- b) O día da marcha ata 30 minutos antes da saída ó prezo de 10 euros por participante federado e 18 euros os que tramiten a licencia dun día.

Haberá aperitivos e agasallos que se repartirán ó remate da marcha.

8. Só serán considerados participantes da marcha aqueles que realizasen debidamente a inscripción e levan visible o distintivo entregado pola organización senón poderan ser obrigados a sair do percorrido mentres se desenvolva a marcha. Non se considerán participantes aqueles ue de forma intencionada faciliten datos falsos ó inscribirse.
9. A organización disporá durante o trascurso da marcha dos servicios de Asistencia Sanitaria, Mecanica e Duchas unha vez rematada a mesma, no pavillón polideportivo de Panxón e unha vez rematada a marcha aperitivos e agasallos.
10. Cada participante será responsable dos seus actos tanto dentro como fora da marcha, excluindo á organización das responsabilidades ás que houbera lugar, incluindo posibles accidentes e as súas consecuencias, debendo cumplir o vixente regulamento de circulación xa que a circulación non sera cortada.
11. A inscripción nesta marcha conleva a aceptación do presente Regulamento en tódolos seus termos e as instruccíons dos Organizadores para o bo desenvolvemento da Marcha.